

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández do 26/06/1961

Colección:

Data: 26/06/1961

De:

Manuel Puente;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orix:

Bartolomé Mitre, 1263 (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Destino:

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: MANUEL PUENTE].

Mencionados:

Xosé Abraira; Xesús Canabal; Francisco Fernández del Riego; Amando Hermida Luaces; Xaquín Lorenzo Fernández; Rodolfo Prada; Luís Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández do 26/06/1961

Manuel Puente
Buenos Aires Junio 26 de 1961

Señor Don
Luis TOBIO
MONTEVIDEO-URUGUAY

Meu querido Don Luis:

Acaba de chegarme a sua data 21 corrente e aproveitando que o noso amigo CANABAL viaxa hoxe para ahí, envíolle a carta datada o 17 do corrente que non levou o conocido de ABRAIRA.-

Mándolle un sobre con fotos etc, entregadas a PRADA por SEOANE; e todo o que lle deu con encárrago de llas devolver –creo que apenas si lle servirán algunhas;– estamos ocupándonos de conseguir outras, pois un tal HERMIDA trouxo unha película de Galiza e dícame que tamén ten fotos –e un aficionado cineasta de La Plata tamén fai algúns anos espuxo boas fotografías, estamos ocupándonos de buscarlas e mandarllas dentro uns días; O patronato de Turismo Español dice que ten boas postales de Galiza, aquí non poidemos conseguir nada, ¿poderia vostede ver si a representación de ahí lle facilita algo?.-

Tamén lle recomendo ver entre os dibuxos etc, de Xoaquín LOURENZO que me parece recordar a existencia de algo axeitado.-

Alégrome saber que xa comenza a correxir as probas de imprenta do primeiro tomo.-

Esperando poder mandarlle dentro poucos días outras fotos –envíolle unha aberta,
S S S

Manuel Puente [sinatura autógrafa]

P.D.

A dirección de Del Riego es la misma que Ud anota
Progreso 12, 5º izquierda VIGO.-

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.